



V – QUE QUEREMOS SABER? técnicas e dinámicas

Unha vez plasmamos as ideas/coñecementos previos sobre o tema do proxecto, chega o momento de decidir plantexar as preguntas que van a ser o eixo vertebrador do mesmo. As preguntas que se plantexen van a facer que o noso proxecto vaia por un camiño ou outro e do mesmo xeito va a ser o desencadeante natural do tipo e características do produto social relevante que creamos ó final da investigación (ver documento “que facemos co descuberto”).

Esta fase do proxecto soe darse de forma paralela á anterior, xa que cando esteamos a determinar os coñecementos previos do alumnado, eles mesmos faran xurdir a través de diálogos e discusións razonadas, aqueles aspectos polos que senten curiosidade sobre o tema, nos que que xurden diferentes teorías contrapostas entre os compañeiros ou aqueles dos que descoñecen a resposta.

É posible que ó longo do desenvolvemento do proxecto, a medida que se vai levando a cabo a investigación (ver documento “investigamos”) poidan ir xurdindo novas preguntas. A decisión sobre a incorporación ou non das mesmas ó proxecto iniciado será tomada tendo en conta, de forma razonada co grupo aula, das vantaxes de incluílo, da aportación que poida facer á investigación en curso, do interese amosado polo grupo aula e da contribución do mesmo á elaboración do produto final socialmente relevante.

Tamén será o momento de actualizar e aumentar os obxectivos didácticos plantexados co proxecto, incorporando aqueles específicos para o tema en concreto do mesmo.

Empregando as diferentes técnicas xurdirán infinidade de preguntas, a nosa función como docentes será a de encauzalas e orientalas cara os aspectos que queremos traballar co alumnado, dotándoos de estratexias que permitan concretar a gran cantidade de preguntas unhas poucas, abarcables no tempo, que inclúan a todas elas. Neste senso tamén poderemos facer aportacións de preguntas que, como docentes, queremos que aparezan pola súa implicación educativa segundo a nosa planificación previa, plantexando preguntas conflictivas ó grupo que fagan xurdir novas dúbidas.

As preguntas teñen que ir encamiñadas á “conseguir o produto final socialmente relevante” (ver como documento “como o contamos ó mundo”), deberán ter un carácter funcional: buscamos a resposta a determinadas preguntas, ademáis de por atopar resposta ás dúbidas, para conseguir elaborar un produto final para o que precisamos esa información.

2.- Técnicas e dinámicas para o establecemento das preguntas do proxecto:

Existen moitas técnicas e dinámicas que podemos empregar nun proxecto de traballo para conseguir as preguntas do noso proxecto, calquera técnica pode servirnos, sempre e cando o alumno sexa consciente en todo momento de que se trata dos seus coñecementos e que teña un papel activo no proceso.

Neste caso observamos que se tratan das mesmas técnicas que plantexamos para os coñecementos previos, xa que en moitos casos ámbalas dúas fases desenvolveranse de xeito paralelo, xa que cando estemos a debater sobre os coñecementos previos irán xurdindo dúbidas e preguntas sobre o mesmo.

Unha vez empregada unha ou varias das técnicas, deberemos plasmar as preguntas do grupo



no mural da investigación (ou método que esteamos a empregar), reformulándoas para plasmar de forma concreta aquelas que engloben tódolos intereses manifestados polo alumnado a través das diferentes técnicas.

Deberemos limitar a investigación a un número de preguntas manexable no tempo e posibilidades de investigación do grupo, priorizando aquelas que o grupo acorde en caso de atoparnos con demasiadas.

Entre as técnicas existentes propoñemos as seguintes (algunhas delas poden empregarse en distintas fases dun proxecto):

- Remuíño ou choiva de ideas (brain-storming)

Cada alumno propón libremente "que quere saber do tema", "que non sabe" cuestionando o grupo sobre a resposta das mesmas.

- Debates e diálogos en grupo:

A través de diálogos e grupo van xurdindo ideas contrapostas sobre o tema en cuestión a través de acordos grupais, íranse anotando estas ideas contrapostas no mural ou lugar elixido a tal fin, en forma de pregunta á que buscar unha resposta concreta.

- Cuestionarios dos compañeiros ó resto con debate posterior dos resultados.

De forma individual ou en pequenos grupos o alumnado elabora unha serie de cuestionarios con preguntas sobre o tema do proxecto, ás que logo deberán dar resposta o resto dos compañeiros/as. A través destas resposta e o debate posterior conseguiremos plasmar novas preguntas para o proxecto.

- Cuestionario elaborada previamente polo mestre/a, con debate posterior dos resultados.

Variante da técnica anterior, pero neste caso é o propio mestre/a quen elabora o cuestionario, incluíndo preguntas "polémicas" ou que "creen conflito" que dean lugar a que o alumando afonde en aspectos concretos da temática. De forma análoga ó anterior a través do debate podemos chegar a plasmar diferentes preguntas a responder.

- Documentos colaborativos online

Empregando sistemas como google drive, que permite crear documentos colaborativos, podemos crear un documento para cada unha das fases do proxecto, de xeito que o alumnado aporte os seus intereses e dúbidas, que poderán ser respostados polos compañeiros, con este documento poderemos traballar posteriormente para elaborar un listado de preguntas "resumindo" os intereses de todos e todas.

- Texto ou debuxo con erro

Pode empregarse como técnica para facer xurdir un tema concreto e a partir dela conseguir xurdir dúbidas ó respecto, plantexando unha imaxe, debuxo ou texto que conteña un erro sobre unha temática concreta, pero que de lugar á "dúbida" e ó debate, de forma que xurdan preguntas e dúbidas ó respecto.

- Mapas conceptuais:

Partindo do mapa conceptual de ideas previas, e coa súa análise poderemos conseguir como grupo un listado de preguntas para o noso proxecto.



PROXECTO DE FORMACIÓN PERMANENTE DO PROFESORADO

SEMINARIO “Proxectos de traballo” - C.E.I.P. Pedro Antonio Cerviño | curso 2013-2014

- Dilemas

Con estrutura similar ós debates e diálogos pero enfrontándoos ante un dilema que precise solución. De forma individual ou grupal irán xurdindo diferentes hipóteses e teorías, a partir das que poderemos facer aparecer novas preguntas,

- Experiencias discrepantes

Partindo de experiencias reais con resultados discrepantes levadas a cabo (ou vividas) polos alumnos e alumnas, podemos levar a cabo unha reflexión que nos permita afondar nos coñecementos previos do grupo en relación as hipóteses que se plantexen para a súa solución. A partir das mesmas xurdirán preguntas e teorías contrapostas entre o alumnado.

- Redes de ideas (red conceptual):

Similares na súa construción ós mapas conceptuais, as redes de ideas non son xerárquicas e todos os contidos están relacionados dentro dunha especie de “tea de araña” pechada, establecéndose interrelación entre os elementos que a forman. A través destas redes podemos reflexionar sobre o que se sabe sobre unha temática a través do plasmado na rede de ideas e partir da mesma averiguar en que aspectos podemos investigar elaborando así un listado de preguntas.

- Elaboración de conclusións por grupos ou/parellas

Partindo do propio tema, ou dunha parte do mesmo, por grupos ou parellas o alumnado elabora conclusións redactadas sobre o mesmo, comunicándollo ó resto dos compañeiros facendo xurdir ideas enfrontadas, a partir destas conclusións cada grupo pode elaborar un listado das súas preguntas que logo deberán consensuar cos restantes grupos.

- Creación de grellas (parrillas)

Con estrutura de táboa poderemos organizar os coñecementos sobre un tema organizando os contidos en diferentes celdas e categorías, o que nos permite crear posteriormente un listado de preguntas a descubrir.

- Elaboración de esquemas:

Partindo da elaboración dun esquema sobre o tema, de forma individual ou grupal, conseguiremos acceder ós coñecementos previos sobre o mesmo. Reelaborando estes esquemas, xunto cos dos restantes grupos, poderemos atopar “lagoas” nos coñecementos a partir dos que determinar as preguntas que centrarán o noso proxecto.

- Caixa das preguntas:

Unha caixa que contén unha serie de preguntas sobre o tema, pode servir como xogo a partir do cal observar que preguntas son menos coñecidas para poder así incorporarlás á investigación.

- Técnica 1-2-4:

Partindo dunha pregunta/tema, un grupo de catro alumnos chegan a un consenso cunha resposta. Inicialmente escriben a súa resposta de forma individual, logo compártena dous a dous e finalmente ambas parellas acordan unha única resposta do grupo. Deste xeito poderemos contrastar as respostas de cada grupo cos restantes facendo xurdir discordancias que darán lugar ó plantexamento de novas preguntas.



PROXECTO DE FORMACIÓN PERMANENTE DO PROFESORADO

SEMINARIO "Proxectos de traballo" - C.E.I.P. Pedro Antonio Cerviño | curso 2013-2014

- Experimentos reais na aula:

A partir de experimentos científicos o alumnado pode facer as súas hipóteses, e por contraste entre elas poderemos chegar a plantexar preguntas concretas.

Licenza creative commons: cc-by-sa



(acorde ó indicado na resolución do 11 de xuño de 2013 pola que se convocan os P.F.P.P.)